

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

19209 *Real decreto 1599/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen os criterios de integración dos espazos mariños protexidos na Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.*

O Convenio sobre a diversidade biolóxica (CDB, Río de Xaneiro, 1992) estableceu numerosas recomendacións e resolucións de interese para a conservación dos ecosistemas mariños. Na X Conferencia das Partes do Convenio, celebrada en Nagoia (Xapón, 2010), adoptouse o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as Metas de Aichi. Entre estas metas, que deben contribuír a cumprir os cinco obxectivos estratéxicos fixados no plan, figura que no ano 2020 polo menos o 10 por cento das zonas mariñas e costeiras, especialmente aquelas de particular importancia para a diversidade biolóxica e os servizos dos ecosistemas, deben estar conservados por medio de sistemas de áreas protexidas.

Na mesma liña, o Plan de Aplicación das Decisións do Cumio Mundial de Desenvolvemento Sustentable (CMDSD, Xohanesburgo, 2002) promove a conservación e ordenación dos océanos mediante a adopción de medidas en todos os niveis, incluído o establecemento de zonas mariñas protexidas de conformidade co dereito internacional, e mesmo o establecemento de redes. En particular, no citado cumio acordouse (parte IV, número 32.c) do Plan de Aplicación) establecer unha Rede Global de Zonas Mariñas Protexidas antes de 2012, tanto en augas xurisdicionais como fóra. A rede española contribuirá a este obxectivo global.

Tamén no marco das Nacións Unidas, concretamente no do Plan de Acción do Mediterráneo e o Convenio para a protección do medio mariño e da rexión costeira do Mediterráneo (Convenio de Barcelona, 1995), o Protocolo sobre as zonas especialmente protexidas e a diversidade biolóxica no Mediterráneo crea a Lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM), como medio para promover a cooperación na xestión e a conservación de zonas naturais, ben como na protección de especies ameazadas e os seus hábitats. O anexo I deste protocolo recolle os criterios comúns para a selección das zonas mariñas e costeiras protexidas que se poderán incluír na lista de ZEPIM.

Polo seu lado, o Convenio sobre a protección do ambiente mariño do Atlántico nordeste (Convenio OSPAR, París, 1992) crea no seu anexo V, relativo á protección e conservación dos ecosistemas e a diversidade biolóxica da zona marítima, unha rede de áreas mariñas protexidas. Para o ano 2012 esta rede deberá ser ecoloxicamente coherente, e no ano 2016 deberá estar ben xestionada. Ademais, para o ano 2020 espérase que o 10 por cento da superficie da área OSPAR estea protexida. A Recomendación OSPAR 2003/3 sobre a Rede de áreas mariñas protexidas establece que os espazos mariños da Rede Natura 2000 poderán ser incluídos na Rede OSPAR de áreas mariñas protexidas sen ningunha outra xustificación adicional.

Na Unión Europea, a «Estratexia da UE sobre a biodiversidade até 2020: o noso seguro de vida e capital natural», COM (2011) 244, establece no seu obxectivo 1 que os Estados membros e a Comisión asegurarán que o establecemento da Rede Natura 2000, incluído o medio mariño, estea completado no fundamental no ano 2012.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, incorpora as directrices internacionais en materia de conservación da biodiversidade mariña e, en particular, crea a figura de área mariña protexida (en diante AMP) como unha das categorías de espazos naturais protexidos. Así mesmo, determina que as AMP se integrarán na Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España (en diante RAMPE). A

disposición derradeira oitava da citada lei establece que o Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

A pesar de que no acervo normativo español existe un certo número de disposicións de carácter sectorial, frecuentemente derivadas dos convenios internacionais de protección do medio mariño, até moi recentemente carecíase dun marco lexislativo completo que puidese garantir a regulación das actividades humanas no mar de maneira que se asegurase a conservación das características naturais dos ecosistemas mariños de acordo co enfoque ecosistémico. Así, a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, que incorpora ao dereito español a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña), constitúe na actualidade o marco xeral para a planificación do medio mariño, co obxectivo de lograr o seu bo estado ambiental. Como parte desa planificación, a Lei 41/2010 crea formalmente a RAMPE, regúlaa e establece cales son os seus obxectivos, os espazos naturais que a conforman e os mecanismos para a súa designación e xestión. No artigo 4 desa lei establécense os criterios de planificación no medio mariño. O número 2 do citado artigo faculta o Goberno para aprobar as directrices comúns a todas as estratexias mariñas –como instrumento esencial de planificación do medio mariño– en diferentes aspectos, entre outros, a RAMPE.

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, enumera no seu artigo 26.1 os espazos protexidos de competencia estatal que poderán formar parte da RAMPE. Este mesmo artigo, no seu punto segundo, sinala que o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (en diante MARM) establecerá os criterios de integración na Rede conforme os cales se incluírán os espazos de competencia estatal. Así mesmo, poderán formar parte da RAMPE aqueles espazos protexidos de competencia autonómica que cumpran os ditos criterios, de acordo co que figura no artigo 26.3 da Lei 41/2010.

Por todo o anterior, este real decreto ten como principal obxecto establecer os criterios de integración na RAMPE, os cales quedan recollidos no artigo 5. Para a formulación destes criterios tívose en conta a lexislación, recomendacións, decisións e outros instrumentos xerados no marco nacional, da Unión Europea e internacional.

Ademais, o real decreto aclara outras cuestións acerca da RAMPE, como son as relacionadas coa súa xestión e funcionamento, que se realizará a través da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do MARM. As funcións do órgano xestor da RAMPE quedan especificadas no artigo 3 deste real decreto. Entre elas cabe destacar a creación dunha lista que incluírá todos os espazos protexidos que forman parte da RAMPE, a avaliación dos espazos candidatos a seren integrados na RAMPE e a xestión dos espazos mariños protexidos de competencia estatal, exceptuando as reservas mariñas creadas na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que o serán de acordo co establecido nesa lei.

Os obxectivos da RAMPE, conforme os cales se establecen os criterios de integración, quedan especificados no artigo 4 do presente real decreto; sendo o obxectivo primeiro e principal asegurar a protección, conservación e recuperación do patrimonio natural e da biodiversidade mariña española, obxectivo que aglutina e resume o resto.

O real decreto tamén prevé a posible inclusión na RAMPE dos espazos protexidos de competencia autonómica, segundo o que establece o artigo 26.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. En todo caso, a inclusión dos espazos protexidos na RAMPE non supón a alteración das competencias autonómicas sobre a declaración e xestión deses espazos.

Este real decreto foi sometido á consideración da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Así mesmo, foi sometido a información pública, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos á información, de participación pública e acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de

Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 4 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece, de acordo co artigo 26 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, os criterios que deben cumprir os espazos mariños protexidos de competencia estatal para a súa integración na Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España (RAMPE). Estes criterios detállanse no artigo 5.

2. Así mesmo, os espazos protexidos cuxa declaración e xestión sexa competencia autonómica, incluídas aquelas zonas protexidas ao abeiro da lexislación autonómica pesqueira, deberán cumprir os criterios establecidos no artigo 5 para a súa incorporación á RAMPE. A inclusión dos espazos de competencia autonómica na RAMPE será realizada por proposta da Comunidade Autónoma onde se sitúen.

3. O órgano responsable da xestión e funcionamento da RAMPE será a Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (MARM).

Artigo 2. *Principios de actuación do MARM en relación coa RAMPE.*

En materia de integración de espazos mariños protexidos de competencia estatal na RAMPE, o MARM rexerese polos seguintes principios de actuación:

a) Asegurarase a protección, conservación e recuperación da biodiversidade e dos procesos ecolóxicos do medio mariño español a través dos espazos incluídos na RAMPE.

b) Garantirase o mantemento dos valores ecolóxicos, xeolóxicos, paisaxísticos, sociais, culturais, arqueolóxicos, científicos e educativos, así como os usos tradicionais compatibles coa conservación dos valores naturais que se leven a cabo no espazo.

c) Garantirase que a avaliación dos espazos protexidos de competencia estatal candidatos a formaren parte da RAMPE estea baseada na mellor información científica dispoñible.

d) Aprobaranse os correspondentes plans ou instrumentos de xestión dos espazos pertencentes á RAMPE nun prazo máximo de dous anos desde a súa inclusión na rede, no caso de que o espazo non conte cun plan ou instrumento de xestión aprobado. Estes plans ou instrumentos de xestión establecerán, cando menos, os obxectivos e medidas de conservación, a regulación de usos e actividades, as limitacións de explotación dos recursos naturais que procedan, incluíndo, se for o caso, as medidas de xestión pesqueira, os mecanismos para o seguimento e a avaliación, e as actividades de formación e divulgación dos valores do espazo. Estableceranse, así mesmo, os instrumentos e medidas técnicas e financeiras necesarias para a plena aplicación destes plans de xestión.

e) Asegurarase que os usos e aproveitamentos de recursos que se realicen nos espazos da RAMPE sexan compatibles cos obxectivos de conservación establecidos nos seus plans ou instrumentos de xestión. Estes usos e aproveitamentos serán autorizados sempre que se leven a cabo de forma sustentable e se garanta a preservación dos valores e recursos naturais para as actuais e futuras xeracións.

f) Garantirase a adopción das medidas necesarias para lograr ou manter o bo estado ambiental do medio mariño dos espazos da RAMPE, a través da súa planificación, conservación, protección e mellora.

Artigo 3. *Funcións da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal en relación coa RAMPE.*

As funcións que corresponden á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal en relación coa RAMPE son as seguintes:

a) Establecer unha lista de carácter informativo en que se incluírá cada un dos espazos protexidos integrados na RAMPE.

b) Avaliar se os espazos protexidos candidatos a formaren parte da RAMPE cumpren os criterios para a súa integración establecidos neste real decreto.

A inclusión destes espazos na RAMPE producirase por resolución do director xeral de Medio Natural e Política Forestal, logo de consulta ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

c) Xestionar os espazos mariños protexidos de competencia estatal incluídos na RAMPE, exceptuando as reservas mariñas creadas en virtude da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do estado, que serán xestionadas de acordo co establecido nesa lei.

d) Promover a declaración de novas áreas mariñas protexidas (AMP) de competencia estatal e a ampliación das xa existentes, ben como a inclusión destas e dos espazos protexidos de competencia autonómica na RAMPE, co obxecto de atinxir a coherencia ecolóxica da rede.

e) Asegurar o cumprimento e a aplicación das obrigas derivadas dos convenios e acordos internacionais de que España é parte, ben como da normativa europea.

f) Exercer todas as demais funcións que a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, atribúe ao MARM como representante da Administración xeral do Estado en relación coa RAMPE.

Artigo 4. *Obxectivos da RAMPE.*

Os obxectivos da RAMPE, conforme os cales se establecen os criterios de integración do artigo 5, son os seguintes:

a) Asegurar a protección, conservación e recuperación do patrimonio natural e da biodiversidade mariña española.

b) Protexer e conservar as especies, os hábitats e os procesos ecolóxicos dos mares españois.

c) Garantir o mantemento dos valores ecolóxicos, a importancia dos ecosistemas e a singularidade da flora, da fauna, así como dos valores xeolóxicos por que foron declarados.

d) Contribuír ao mantemento dos aproveitamentos e usos tradicionais compatibles coa conservación dos valores naturais.

e) Contribuír ao desenvolvemento das medidas de conservación establecidas nos plans de recuperación e conservación de especies mariñas incluídas no Catálogo español de especies ameazadas que sexan de competencia estatal, así como ao das medidas recollidas nas estratexias e plans de conservación e restauración de hábitats mariños incluídos no Catálogo español de hábitats en perigo de desaparición que sexan de competencia estatal, segundo o previsto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

f) Fomentar a conservación dos corredores ecolóxicos e a xestión dos elementos naturais que resulten esenciais ou teñan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora mariñas.

g) Promover un mellor coñecemento científico en materias relacionadas co medio mariño e unha adecuada difusión pública da información dispoñible.

h) Contribuír ao desenvolvemento e á coherencia das redes internacionais de AMP, en especial a rede de AMP do Convenio OSPAR sobre a protección do ambiente mariño do Atlántico nordeste e a Lista de zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo (ZEPIM) do Convenio para a protección do medio mariño e da rexión costeira do Mediterráneo, así como da rede ecolóxica europea Natura 2000 Mariña.

i) Contribuír de forma adecuada a lograr ou manter un bo estado ambiental do medio mariño dentro de cada unha das demarcacións mariñas nos termos que establece a Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

j) Contribuír á educación, á divulgación e á conscienciación ambiental da sociedade, así como á participación social.

Artigo 5. *Criterios de integración dos espazos protexidos na RAMPE.*

1. Para a integración dun espazo protexido na RAMPE, o MARM valorará os seguintes criterios:

a) A súa representatividade. O espazo alberga tipos de hábitat, comunidades biolóxicas ou procesos ecolóxicos representativos das demarcacións mariñas establecidas no medio mariño español, ben como as unidades xeolóxicas recollidas no anexo VIII da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade.

b) O seu carácter único ou rareza. O espazo contén ecosistemas, tipos de hábitat ou especies singulares ou pouco frecuentes, así como elementos xeolóxicos únicos ou inusuais.

c) A súa importancia para hábitats ou especies ameazadas, en perigo, en declive ou regresión. O espazo resulta esencial para a supervivencia e recuperación destes hábitats ou especies.

d) O seu grao de naturalidade. O espazo posúe un elevado grao de naturalidade, resultado da ausencia ou baixo nivel de perturbación ou degradación debidas á actividade humana.

e) A súa vulnerabilidade, fragilidade, sensibilidade ou lenta recuperación dos seus hábitats ou especies. O espazo contén hábitats, comunidades biolóxicas ou especies de lenta recuperación ou susceptibles de degradación ou de redución causadas pola actividade humana ou por eventos naturais.

f) O seu nivel de resiliencia. O espazo contén elementos da biodiversidade que teñen elevada capacidade de recuperación fronte ás perturbacións, ou son resistentes de forma natural ás ameazas, tales como o cambio climático.

g) A súa contribución á conectividade. O espazo facilita a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora mariñas.

h) A súa importancia para o desenvolvemento dalgunha das fases do ciclo biolóxico de certas especies.

i) A súa produtividade biolóxica. O espazo contén comunidades, especies ou poboacións de elevada produtividade biolóxica natural.

Os tipos de hábitat que se mencionan neste número son os especificados no cadro 1 do anexo I da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

Para a caracterización e a descrición dos tipos de hábitat mencionados terase en conta a clasificación de hábitats establecida na base de datos EUNIS. Como requirimento mínimo establécese o nivel 4 de EUNIS, ou a súa correspondencia na lista patrón de referencia estatal que se estableza no marco do Inventario español de hábitats e especies mariños.

2. En todo caso, para a súa integración na RAMPE, un espazo deberá:

a) Ter a extensión adecuada que garanta o mantemento das características físicas, xeolóxicas e biolóxicas, e asegure o funcionamento dos procesos ecolóxicos presentes.

b) Contar cunha proporción relevante dos hábitats ou especies polos cales o espazo foi protexido, ben como con adecuados tamaños poboacionais de especies que permitan manter ou alcanzar o seu estado de conservación favorable, tal como queda definido no artigo 3 da Lei 42/2007.

c) Dispor do inventario dos compoñentes da biodiversidade e os recursos naturais. Para isto utilizarase a mellor información científica dispoñible.

d) Estar debidamente delimitado, xeorreferenciado e cartografado.

Disposición adicional. *Mecanismos de colaboración.*

De acordo co artigo 12 de Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, poranse en marcha os mecanismos de colaboración necesarios co Instituto Español de Oceanografía para efectos do disposto no artigo 27.4 da mesma lei, e nos artigos 6 e 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO